

Cabalgata de Reis



Venres 5 de xaneiro de 2024

Un ano máis, chega unha data moi sinalada para os cativos e cativas da casa. Dende o Concello de Moraña, queremos facer partícipes a todos os veciños e veciñas na Cabalgata de Reis.

As tres carrozas dos Reis Magos farán un percorrido por todas as parroquias do concello co seguinte horario:

Ás **16.00h** comezaremos no Campo de Lebón, O Covelo (16:10), Campo da Festa de Alberguería (16:20h), Igrexa de Saiáns (16:35h), Igrexa de Rebón (17:00h), Soar (17:25h), Cosoirado-Cemiterio (17:40h), Capela dos Milagres de Amil (18:10h), Casa Giao-Sorrego (18:25h), Marquesina de Paraños (18:35h), Molina-Alende (18:50h), Parque da Bouza (19:00), Carballeira de Santa Xusta (19:15h), Fonte de Trambosríos (19:30), Marquesina de Penagrande (19:40h), Pumariño (19:45h), Carballeira do Souto (19:50h).

A partir das **20:15h** a Cabalgata fará o seu percorrido polas rúas de Santa Lucía acompañada pola Banda de Música Nova Lira de Moraña.

Ó rematar os nenos e nenas poderán entregarlles as súas cartas aos Reis Magos na Aldea do Nadal.

O Concello convidará a todas as persoas asistentes a chocolate con rosca.

Vive Moraña no Nadal



CONCELLO DE
MORAÑA



Programa de Nadal



Inauguración alumeado de Nadal

O sábado 9 de decembro ás 19:00 h., na Aldea Infantil Navideña situada na Carballeira de Santa Lucía, acompañados pola Banda de Música Nova Lira de Moraña acenderemos o Alumeado do Nadal.



Inauguración Belén artesanal

A continuación do acendido do alumeado de Nadal, no **Multiusos**, acompañados pola Banda de Música Nova Lira de Moraña, inauguraremos o **Belén artesanal**.

Este ano na súa V edición, dende o 9 de decembro ata o 14 de xaneiro a Asociación de Mulleres Rurais de Moraña, presentan o seu mellor proxecto ata o momento.

Un Belén artesanal con máis de 100mts cadrados repartidos en dúas salas e con tres temáticas distintas.

Representando a esencia do rural e o patrimonio morañés este Nadal disfrutaremos dun Belén onde a posta en escea, a coordinación das texturas o son da auga nos seus ríos, ou os aromas da natureza farán deste Belén un "BELÉN PARA OS 5 SENTIDOS"



Maxia

O xoves 28 de decembro ás 19:00 h., no **Multiusos**, o **Mago Albert** tennos preparado un número de ilusionismo cunha chea de sorpresas que nos farán pasar unha leda xornada chea de maxia.



Cine



O venres 29 de decembro ás 19:00 h., no **Multiusos**, proxectaremos a comedia familiar navideña "Padre no hay más que uno 3", unha boa oportunidade para compartir en familia unha tarde de cine.

Certame de Fin de Ano

O sábado 30 de decembro, ás 19:00 h., no **Multiusos**, as agrupacións musicais morañesas: **Airiños da Amil, Banda de Música Nova Lira, Coral Voces Amigas e Chinguilipé**, serán as encargadas de amenizar a velada para que despidamos o ano da mellor maneira.



Obradoiro de galletas

O venres 22 de decembro e o martes 26, ás 17:00 h., na Casa de Cultura faremos un obradoiro de galletiñas de Nadal para todos os nenos e nenas entre 2 e 9 anos.

O venres 22 será para participantes de 6 a 9 anos.
O martes 26 para participantes de 2 a 5 anos.

Inscribirse con anterioridade na Biblioteca.
Prazas limitadas



Scape room

O mércores 27 de decembro, a partir das 16:00 h. na Casa de Cultura.
Para nenos e nenas de 8 a 15 anos.



Xogo de inxenio no que, en grupos, deberedes solucionar enigmas e quebracabezas de todo tipo para ir enlazando a historia proposta. Será un duro traballo pero seguro que o ides conseguir.

Para participar deberedes inscribivos con anterioridade na Biblioteca. **Prazas limitadas.**



XXI Certame de corais



O domingo 10 de decembro ás 18:00 h., no Multiusos, a Coral Voces Amigas de Moraña organiza o XXI Certame de Corais, no que estarán acompañados pola Coral Polifónica de Campo Lameiro e o Coro Santa Eulalia de Portela (Cuntis).

Festival da Escola Municipal de Música

O venres 15 de decembro, ás 21:00 h., no Multiusos, os nenos e nenas da Escola Municipal de Música de Moraña deleitarannos co seu bo facer nun concerto no que predominará a música tradicional do Nadal.



Presentación libro homenaxe a Iglesias Brage

O sábado 16 de decembro, ás 19:00 h., no Multiusos, a Asociación Cultural Chorima presenta o libro “Vuelo al país de las mil y una noches”, homenaxe ao Coronel Francisco Iglesias Brage, quen pasou parte da súa vida no Pazo da Toxeiriña.



I Feira de Nadal de Moraña

O **domingo 17 de decembro**, a partir das **16:00 h.**, na carpa situada na **explanada do Multiusos**; os comerciantes, artesáns e artistas locais de Moraña organizan a I Feira de Nadal.



Animádevos a visitala para facer as vosas compras navideñas.

Teatro



O **domingo 17 de decembro**, ás **20:00 h.**, no **Multiusos**, o grupo **Chumpá Teatro** da a **Asociación Escola Artística de Cuntis** representaranos a comedia **A vida de Brian**. Espectáculo familiar para pasar unha divertida tarde-noite.

Exhibición de ballet

O **martes 19 de decembro**, ás **19:30 h.**, no **Multiusos**, as alumnas da **Escola de Ballet** da ANPA do CPI Plurilingüe Santa Lucía farannos unha exhibición do seu traballo.



Xornada solidaria en familia

O **xoves 21 de decembro**, ás **20:00 h.**, no **Pavillón Municipal dos Deportes** teremos unha xornada que misturará deporte, familia e solidariedade.

Animádevos a compartir este momento inolvidable nestas datas tan sinaladas, participando neste acto e aportando unha pequena donación dun kilo de comida non perecedeira ou produtos de hixiene.



Visita de Papá Noel a Moraña

O **sábado 23 de decembro**, ás **17:00 h.**, directamente dende Laponia, Papá Noel chegará a Aldea do Nadal no seu trineo, acompañado duns máxicos personaxes navideños que compartirán a ilusión e alegría destas festas con todos os nenos e nenas.

A partir das 18:30h. visitará os comercios, tendas e negocios do centro de Santa Lucía.

Actividade financiada pola Deputación de Pontevedra, con cargo ao Plan Concellos 2023. Liña 2.



Festival Nadal da Banda Nova Lira

O **sábado 23 de decembro**, ás **19:00 h.** no **Multiusos**, A **Banda de Música Nova Lira de Moraña** organiza o seu tradicional Concerto de Nadal, no que as cancións de temática navideña serán protagonistas..

